

Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se anuncian axudas económicas destinadas ao fomento do asociacionismo municipal, a través de mancomunidades de municipios, áreas metropolitanas e consorcios.

Á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, compételle, entre outras materias, o relativo ás relacións coas corporacións locais que, en cumprimento do establecido nos artigos 120 e 136 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, vén colaborando coas entidades locais galegas para fomentar a constitución de mancomunidades de municipios e áreas metropolitanas, co fin de favorecer fórmulas de agrupación intermunicipal e de asociacionismo para a mellora dos servizos competencia das entidades locais.

Así, e co obxecto de reforzar estas fórmulas de asociacionismo e colaboración, é vontade desta consellería subvencionar as mancomunidades de municipios áreas metropolitanas e consorcios locais. Todo isto para favorecer mecanismos de xestión dos intereses locais que permitan facer fronte ás novas exigencias de servizos públicos demandados polos veciños con organizacións fortes e dotadas de medios suficientes.

Esta orde estará sometida ao regulado na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. Ao abeiro desta orde o crédito previsto no artigo 2º da orde queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente, no exercicio 2009, para financiar as obrigas derivadas deste acordo.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

Establécense subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2009 en favor das mancomunidades de municipios, áreas metropolitanas e consorcios locais de Galicia, no que se refira aos gastos de funcionamento ou os referidos á prestación de servizos de carácter obrigatorio para os municipios asociados.

Estas entidades deberán ter presentadas as contas a que se refire o artigo 208 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais correspondentes ao exercicio 2007 no Consello de Contas de Galicia

Non serán consideradas as solicitudes daquelas entidades supramunicipais que non teñan actualizados os seus datos no rexistro de entidades locais de Galicia desta consellería, así como as dos consorcios locais dos que forma parte a Xunta de Galicia e financie, en todo ou en parte, os seus gastos de funcionamento.

Artigo 2º.-Crédito.

Estas subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 06.08.460.1, programa 141.A, ata unha contía máxima de cento trinta e catro mil novecentos cincuenta euros (134.950 euros) correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, de acordo co proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 16 de outubro de 2008, acordándose a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación.

A axuda económica que se conceda poderá acadar como máximo o 80% do total do orzamento presentado, en función das solicitudes presentadas e da dispoñibilidade de crédito.

Artigo 3º.-Iniciación.

1. As entidades locais que desexen acollerse aos beneficios desta orde elevarán petición, por medio de instancia dirixida á persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo o modelo que figura como anexo I desta orde, e presentarana na oficina de rexistro único e información, nos rexistros das delegacións provinciais ou en calquera outro dos que establece o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Así mesmo, e de acordo co artigo 5 do Decreto 200/2003, do 20 de marzo, de creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, os modelos normalizados para a presentación de solicitudes por vía telemática estarán dispoñibles no enderezo <http://www.xunta.es/servizos>, de xeito que todos os interesados poderán presentar, igualmente, as súas solicitudes vía internet a través desta web, aínda que o resto da tramitación transcorrerá pola vía ordinaria.

Igualmente, os modelos normalizados estarán á disposición dos interesados no portal dos concellos Eido Local (<http://www.eidolocal.es>).

2. Xunto coa solicitude, tanto se esta se remite por vía ordinaria como telematicamente, presentarase a seguinte documentación:

- a) Certificación do acordo asembleario no que se aproba acollerse aos beneficios desta orde.
- b) Relación da previsión dos servizos que se pretenden realizar, para os cales se solicita subvención.
- c) Orzamento detallado dos gastos de funcionamento para os cales se solicita subvención.

d) Certificado do secretario/a da presentación das contas da entidade no Consello de Contas de Galicia, á que fai referencia o artigo 1º desta orde (anexo II desta orde).

e) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para este mesmo proxecto ou actividade, das administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo III desta orde).

Se algunha documentación da solicitada neste artigo xa constase en poder da Dirección Xeral de Administración Local desta consellería, e non se producise desde o momento en que foi presentada variación que afectase o contido ou a vixencia desta, non será necesario achegala novamente, sen prexuízo de que esta dirección xeral reclame do solicitante a documentación que, se é o caso, considere oportuna.

3. O defecto na solicitude seralles notificado ás persoas interesadas pola Dirección Xeral de Administración Local e daráselles un prazo de dez días para emendar os erros ou omisións. Transcorrido este prazo, se non se producise esta emenda, as peticións serán arquivadas conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 4º.-*Criterios de avaliación.*

A valoración das solicitudes presentadas basearase nos seguintes criterios, valorándose de acordo coas seguintes puntuacións:

-Número de núcleos de poboación que son atendidos pola entidade (25 puntos).

-Relación e número de servizos que a entidade presta con carácter intermunicipal (25 puntos).

-Proxectos que supoñan unha racionalización de actuacións e un aforro de custos en relación coa prestación de forma illada por cada concello (25 puntos).

-Relación de necesidades da entidade reflectidas na petición (25 puntos) de acordo coas seguintes puntuacións e valorando soamente un dos seguintes aspectos e de xeito eliminatorio.

a) Creación de áreas metropolitanas: 25 puntos.

b) Funcionamento de mancomunidades e consorcios: 15 puntos.

c) Estudos para a creación de consorcios ou mancomunidades: 10 puntos.

Cada un dos criterios anteriores será obxecto de avaliación, outorgándose a maior puntuación a aquelas solicitudes que presenten un maior número de aspectos a valorar e o resto de xeito proporcional.

Artigo 5º.-*Resolución.*

Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán analizadas por unha comisión de valoración presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local e da que formarán parte os/as delegados/as provinciais da Conse-

llería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Actuará como secretario/a a persoa titular da Subdirección Xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidades Locais ou un funcionario/a da citada dirección xeral con nivel mínimo de xefe/a de servizo.

Unha vez elaborada a correspondente proposta mediante acta motivada, elevarase á persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quen resolverá.

Artigo 6º.-*Notificación.*

1. A resolución notificaráselles a todas as persoas beneficiarias da subvención na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Conforme o disposto no artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de no se notificar resolución no prazo de catro meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo do establecido nos artigos 42 e 43 da devandita lei.

2. Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, sempre e cando non se cause prexuízo a terceiro.

Artigo 7º.-*Aceptación.*

1. O/A representante da entidade local beneficiaria disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela.

2. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

3. Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. No entanto, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 8º.-*Libramento de fondos.*

1. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Dirección Xeral de Administra-

ción Local poderá comprobar, cando o considere conveniente, o cumprimento da finalidade da axuda.

2. Para recibir a subvención, os seus beneficiarios deberán remitir á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Administración Local), antes do día 15 de outubro de 2009, os seguintes xustificantes:

a) Facturas orixinais do gasto, ou copias compulsadas delas. No caso de gastos de persoal, poderán achegarse como xustificante, tanto as nóminas acreditativas do pagamento, como os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

b) Certificación relativa ao acordo de aprobación polo órgano competente da entidade local expedida polo seu secretario.

c) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, de acordo co previsto no artigo 28.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo IV desta orde)

Para estes efectos, e de acordo co previsto no artigo 29.2º da Lei de subvencións de Galicia, consideraranse gasto realizado o que foi pagado con anterioridade ao período de xustificación.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (anexo III desta orde).

3. A persoa beneficiaria ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

4. En todo caso, o libramento de fondos por parte da comunidade autónoma non superará o 80% do importe dos xustificantes presentados.

5. Transcorrido o prazo establecido no punto 2 sen ter presentadas as correspondentes xustificacións anularase a concesión da subvención a esa entidade local, podendo esta consellería utilizar este crédito en beneficio doutros posibles beneficiarios.

Artigo 9º.-*Cantidades dispoñibles.*

As cantidades que resulten sobrantes por causa de renuncia expresa ou non presentación das xustificacións correspondentes por parte das entidades beneficiarias poderán dedicarse a subvencionar ás entidades que presentaron, en prazo, solicitude de subvención ao abeiro desta orde.

Artigo 10º.-*Modificación das resolucións de concesión.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á

modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Incumprimento de obrigas.*

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33º da devandita lei, a persoa beneficiaria comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

Artigo 12º.-*Publicidade das subvencións concedidas.*

As persoas beneficiarias e os importes das axudas concedidas serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web oficial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega; do mesmo xeito se integrarán, na forma que se estableza regulamentariamente, no Rexistro Público de Subvencións, que será de acceso público.

Disposición adicional

Única.-Esta orde estará sometida ao regulado na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, estando condicionada a concesión das axudas á aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, naquilo que non resulte derogado pola normativa anteriormente citada.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E
XUSTIZA

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO MUNICIPAL, A TRAVÉS DE MANCOMUNIDADES DE MUNICIPIOS, ÁREAS METROPOLITANAS E CONSORCIOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR480H	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE LOCAL

DON/DONA			CIF ENTIDADE	
PRESIDENTE/A DA ENTIDADE LOCAL			PROVINCIA	
ENDEREZO			TELÉFONO	

DATOS DA CONTA BANCARIA

CÓDIGO DO BANCO		CÓDIGO SUCURSAL		DÍXITO DE CONTROL		CÓDIGO CONTA CORRENTE	
-----------------	--	-----------------	--	-------------------	--	-----------------------	--

SOLICITUDE

DATA DA SESIÓN PLENARIA EN QUE SE TOMOU O ACORDO DE SOLICITUDE		CANTIDADE SOLICITADA (80% DO TOTAL)	
ORZAMENTO TOTAL DA ACTUACIÓN SOLICITADA			
BREVE DESCRICIÓN DO ESTUDO/PROXECTO OU GASTOS DE FUNCIONAMENTO PARA OS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN			

- 1.- DECLARO: que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.
- 2.- ACEPTO: o compromiso de someterme ás normas da convocatoria e de facilitar a información e documentación que se solicita.
- 3.- XUNTO: a documentación exigida na convocatoria.

4.- OPTO: pola solicitud telemática: ☐ SI ☐ NON

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:**

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se anuncian axudas económicas destinadas ao fomento do asociacionismo municipal, a través de mancomunidades de municipios, áreas metropolitanas e consorcios.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE _____, de _____ de _____		DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

Conseleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
San Caetano, s/n - 15781 Santiago



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

ANEXO II

Don/Dona secretario/a da entidade local de

Certifica:

Que esta entidade local ten presentadas as contas correspondentes ao exercicio orzamentario 2007 no Consello de Contas de Galicia, segundo o estipulado no artigo 208 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

E para que conste, para os efectos do exixido pola Orde do _____, asino a presente certificación en

_____, de _____ de _____

O/A Secretario/a



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

ANEXO III

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona presidente/representante da entidade local
 solicitante da axuda da Consellería de

Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o fomento do asociacionismo municipal e en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Denominación do proxecto

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

- ☐ Non se me concedeu ningunha axuda para este mesmo proxecto.
☐ Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda: Data de resolución:

Axudas solicitadas:

- ☐ Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
☐ Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda: Data de resolución:

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

Sinatura e selo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E
XUSTIZA

ANEXO IV

Don/Dona , como órgano que ten atribuídas as facultades de control da entidade local de

CERTIFICA

A toma de razón en contabilidade do gasto realizado, así como o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención concedida a esta entidade ao abeiro da Orde do ___ de decembro de 2008, pola que se anuncian axudas económicas destinadas ao fomento do asociacionismo municipal, a través de mancomunidades de municipios, áreas metropolitanas e consorcios.

Asdo.:

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

O Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, regula no artigo 72 a posibilidade de que a Xunta de Galicia poida conceder subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil.

Conforme o Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspóndenlle a esta consellería, entre outras competencias, as de protección civil.

Esta consellería, a través da Dirección Xeral de Protección Civil, co obxecto de que as agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia poidan levar a cabo o seu labor, de acordo co establecido nos plans e programas de protección civil, regula o seu réxime de subvencións, para o ano 2009, e para tal efecto, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009, con cargo á aplicación orzamentaria 06.07.212A.481.1, existirá partida orzamentaria para as subvencións que se establecen nesta orde, tal e como se recolle no proxecto de lei, reservando para tal efecto un crédito de 300.000 € e condicionando a aprobación das subvencións á aprobación desta partida orzamentaria.

Así mesmo, resérvase con cargo á aplicación orzamentaria 06.07.212A.460.0 a cantidade de 10.000 euros para facer fronte aos pagamentos daquelas agrupacións que,

cumprindo coa normativa vixente, dependan directamente do concello e non teñan personalidade xurídica propia.

Estes importes están previstos no orzamento da comunidade autónoma para 2009, no cal existirá consignación orzamentaria suficiente para as subvencións que se establecen nesta orde, condicionando a súa eficacia á aprobación destes importes na Lei de orzamentos de Galicia para 2009.

Na súa virtude, no uso das facultades que teño atribuídas,

DISPÓÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións, por importe de 300.000 €, con cargo á partida orzamentaria 2009.06.07.213A.481.1 e 10.000 € con cargo á partida orzamentaria 2009.06.07.212A.460.0, ás agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia (AVPC), segundo recolle o artigo 72 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, e proceder á súa convocatoria para o ano 2009 en réxime de concorrencia competitiva.

Nos casos de renuncia dos solicitantes ou anulación ou minoración por menor xustificación final das cantidades inicialmente aprobadas, as dotacións orzamentarias resultantes poderán ser adxudicadas a outros solicitantes de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios do artigo 6º desta orde. Tamén poderán aplicarse para as aprobacións derivadas da resolución de recursos ou anteriores anos.

As dotacións orzamentarias indicadas poderán incrementarse, se for procedente, con fondos comunitarios, do Estado ou da comunidade autónoma. Nese